

# **PLAN DE ACTIVIDADES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA**

## **IES URBANO LUGRÍS-MALPICA. CURSO 2014-15**

### **Constitución do EDLG**

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) do IES Urbano Lugrís de Malpica, renóvase ao comezo do curso académico 2014 - 2015, quedando integrado polos seguintes membros:

- **M<sup>a</sup> Carmen Otero Sánchez - Coordinadora** (PT, Departamento de Orientación)
- **Pedro Martínez Casillas** (Departamento de Música)
- **Begoña Pérez Seoane** (Departamento de Lingua e Literatura Galegas)
- **Santiago Molina Álvarez** (Conserxe)
- **Aroa Veiga Fernández** (3º A)
- **Isabel Cousillas Otero** (3º B)
- **María Añón Varela** (4º B)

Establécese o **1º recreo dos mércores** como hora probable de reunión entre os seus compoñentes para cando fose preciso informar, organizar, consensuar, etc as distintas actividades ou propostas que xurdan ao longo do curso.

### **Estudo Sociolingüístico do Centro**

O IES Urbano Lugrís de Malpica de Bergantiños recolle un alumnado procedente por unha parte do medio urbano de Malpica e Buño e por outra do medio rural que abrangue o resto do concello. Presenta unha realidade sociolingüística diversa atendendo aos diferentes sectores que conforman a comunidade educativa. Así como a práctica totalidade do alumnado é galegofalante (agás contados casos de alumnos/as inmigrantes do estranxeiro ou doutras comunidades españolas), no profesorado e PAS, obsérvase un uso da lingua galega menos elevado.

Os cuestionarios realizados dentro do Proxecto Lingüístico para determinar a situación de partida de cara ás actuacións de planificación lingüística no centro revelan que no contorno sociolingüístico do centro predomina o galego de forma clara, á vista dos seguintes datos:

- No contexto sociolingüístico do centro predomina o galego.
- A dispoñibilidade do profesorado para impartir docencia en galego é moderada/alta.
- A presenza do galego na vida do alumnado e do resto da comunidade educativa é boa.

## **Obxectivos**

- Acadar unha presenza normalizada da lingua galega nos diversos aspectos da vida educativa acorde coa realidade galegofalante do alumnado deste centro e cos obxectivos da Normalización Lingüística no ensino.
- Difundir os resultados das actuacións dándoos a coñecer a outras institucións.
- Conseguir do profesorado unha maior implicación no uso do galego en todos os ámbitos.
- Conseguir do alumnado e do conxunto da comunidade educativa un incremento positivo na súa autoestima e na valoración positiva da súa lingua que os afiance como galegofalantes.
- Continuar na liña de coherencia lingüística acadada no uso do galego dentro do centro como lingua de comunicación administrativa.

## **Actividades Temporalizadas**

\*Neste curso, deixaron o centro varios profesores-as que levaban tempo como definitivos entre nós, algunha praza foi eliminada e os-as substitutos estanse adaptando ao contexto. Isto, unido aos recortes orzamentarios e ao empeoramento das condicións laborais, fai que moitas das actividades que se viñan desenvolvendo ata o de agora, non se poidan realizar do mesmo xeito ou quedaran suprimidas.

### **DURANTE TODO O CURSO:**

- Recabar material videográfico, fotográfico, bibliográfico e discográfico (centralizado na biblioteca) relativo a diversos aspectos da cultura galega, para ser utilizado como material didáctico, de consulta ou de ocio, nas diferentes áreas (Sociais, Lingua e Literatura Galegas, Plástica, Música, Ciencias Naturais, etc.) ou individualmente polo alumnado e profesorado. Dirixida a toda a Comunidade Educativa.

- Conseguir información sobre concursos e actividades que se convoquen e teñan relación coa lingua e a cultura galega, informar ao alumnado e profesorado e animalo a participar neles. Dirixida especialmente a alumnado e profesorado.
- Apoiar a toda a comunidade educativa na corrección e elaboración de textos en galego, ou de discursos a emitir en exposicións, charlas,..., ou a través da web e da emisora de radio do centro, para acadar a normalidade lingüística que todos perseguimos. Dirixida a toda a Comunidade Educativa.
- Colaborar co centro nas conmemoracións propostas cada ano pola Consellería de Educación e noutras que o Claustro de profesores decida. Dirixida a toda a comunidade educativa.
- **Obradoiros artístico-literarios:** Coa participación de distintos Departamentos Didácticos, contaremos coa presenza de artistas e escritores galegos para realizar co alumnado diversos Obradoiros . Dirixida a alumnado e profesorado.

### 1ª AVALIACIÓN

- **Obradoiro de “ Lendas Malpicás”.** Patrocinado polo Concello de Malpica e impartido por un relator na nosa biblioteca ao alumnado de 1º e 3º da ESO, en 2 sesións en outubro. (solicitouse aprobación previa aos departamentos didácticos implicados e á dirección do centro).
- **Samai/Halloween:** En colaboración cos Departamentos de Extraescolares, e Linguas, organizamos concursos con premio de: cabazas, e carteis “Os meus mortos favoritos”. Durante os recreos da semana, na biblioteca, para 1º e 2º de ESO, pasaránse cortos, videoclips e contacontos relacionados con E. Allan Poe. Dirixida a alumnado e profesorado .
- **Nadal:** En colaboración co Departamento de Música, Extraescolares e Biblioteca, organizaranse pequenos concertos a cargo de algúns alumnos e alumnas. Temos no centro bastantes deles que asisten ao Conservatorio ou forman parte de grupos musicais diversos de instrumental e canto(piano, saxo, gaitas, pandereteiras, ...); consideramos que é unha oportunidade de mostrar a súa arte a todos nós, ao tempo que contribúen a manter e enriquecer o noso patrimonio musical. Dirixida a toda a comunidade educativa.

## 2ª AVALIACIÓN

- **Entroido:** En colaboración con todos os departamentos, organizaremos no centro un gran festival. Os rapaces e rapazas traen das súas casas sobremesas típicas de carnaval que se degustarán posteriormente ao desfile de disfraces ou comparsas no que se cantarán coplas de entroido. Haberá premios para os participantes. Dirixida a toda a comunidade educativa.

## 3ª AVALIACIÓN

- **Revista Ardora:** Poñeremos en marcha a elaboración dun novo número da revista *Ardora* grazas aos traballos literarios, artísticos, informativos, divulgativos, de investigación, etc do alumnado e profesorado. Esta revista serve por unha banda, para promover o uso das TIC e por outra, como canle de comunicación entre a comunidade educativa e o entorno próximo: profesores, familias, e institucións educativas e doutro tipo relacionadas con nós. Neste curso, pénsase pasar á súa edición dixital, a través da páxina web do Instituto. Dirixida a toda a comunidade educativa, entidades da contorna e outros centros de ensino.
- **Correlingua:** Como nos últimos anos, os alumnos/as de 3º e 4º de ESO participarán no *Correlingua*, actividade de potenciación da lingua galega organizada pola ASPG, que se celebrará na Coruña en maio de 2015 . Dirixida a alumnado e profesorado.
- **Semana das Letras Galegas:** En colaboración co Departamento de Extraescolares, Lingua e Literatura Galegas e a Biblioteca organizaremos actividades relacionadas co escritor homenaxeado no ano 2015: **Xosé Fernando Filgueira Valverde**. Colgaremos carteis informativos e daremos a coñecer a súa vida e obra mediante lecturas, representacións e proxeccións audiovisuais. Convocarase previamente con tempo suficiente, o Concurso Literario de Narración do noso centro dirixido a todos os centros de ESO da comarca, co fin de dar a coñecer o gañador ou gañadora nesta semana conmemorativa. Dirixida a toda a comunidade educativa.

Mª Carmen Otero Sánchez  
Coordinadora EDLG